

VIEIROS

Barbanza

Edición xestionada por [Adolfo Muíños](#)

PARA CONMEMORAR O SEU CABODANO

Homenaxe a Francisco Lorenzo, crego de Aguiño

Galiza Nova e o BNG veñen de organizar para o venres 14 e sábado 15 de xaneiro unha serie de actos de homenaxe a Francisco Lorenzo, o crego de Aguiño, finado o 16 xaneiro do ano 2004 e acompañado por toda a parroquia. O crego foi un referente no que é o compromiso da igrexa con Galiza, os seus fregueses (ocupándose do progreso material e espiritual) e o idioma galego. A ollada final posta nesta lembranza na creación dunha asociación que manteña o facho do seu labor evanxélico e pastoral.

- 10:42 14/01/2005

Para a tarde do venres 14, está prevista a realización dunha charla á que asistirán o teólogo Andrés Torres Queiruga, natural da parroquia, o ensaísta Xosé Chao Rego, o historiador Francisco Carballo e o sacerdote Rubén Aramburu. A mesa redonda que se desenvolverá na Casa do Mar de Aguiño, ás 20 h. leva como título *Paco de Aguiño e a Igrexa Galega*.

O sábado 15, ás 12 h. no Adro da Igrexa de Aguiño terá lugar o segundo dos actos no que estará presente o voceiro nacional do BNG, Anxo Quintana, xunto a veciños e outros representantes políticos.

É intención do BNG impulsar unha asociación independente que manteña aceso o facho do seu labor parroquial, unha iniciativa que, segundo os reponsábeis da organización, está a ter moi boa acollida entre os veciños e compañeiros do crego. No [canal Irimia de Vieiros](#), Xosé Chao Rego realizou o ano pasado unha semblanza de Paco de Aguiño de intensa emoción.